

Acta da Xunta de Facultade do 24/02/2021

Da comezo en segunda convocatoria a sesión ordinaria da Xunta de Facultade de 24/02/2021 ás 16:45 horas, no Salón de Actos Virtual da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, unha vez acadado o quórum preciso.

ASISTENTES:

PDI permanente:

ALONSO ÁLVAREZ, Nicanor
ALONSO CARRERA, Jaime
ALONSO VILLAR, M^a Olga
ÁLVAREZ GARCÍA, M^a Begoña
AMIGO DOBAÑO, J. Lucy
ARÉVALO TOMÉ, Raquel
BERGANTIÑOS CID, Gustavo
CASTRO FERNÁNDEZ, Ana Esther
CASTRO RODRÍGUEZ, Fidel
COMESAÑA BENAVIDES, Fernando
DÍAZ VÁZQUEZ, Raquel
ESTÉVEZ TORANZO, Margarita
FALAGÁN MOTA, Jorge
FERNÁNDEZ ARIAS, M^a Jesús
FERNÁNDEZ FEIJOO, Belén
FERRO SOTO, Carlos A.
GARCÍA RODRÍGUEZ, M^a José
GARRIDO VALENZUELA, Irene
GARZA GIL, M^a. Dolores
GÓMEZ FRAIZ, J. SANTIAGO
GÓMEZ RÚA, María
GONZÁLEZ CERDEIRA, Xulia
GONZÁLEZ MARTÍNEZ, Xose Manuel
GONZÁLEZ SAVIGNAT, Mar
LABANDEIRA VILLOT, Fco. Xavier
LÓPEZ MÍGUENS, M^a Jesús

LORENZO ALONSO, Pedro
LORENZO PICADO, Leticia
LOVEIRA PAZO, Rosa María
MARTINEZ COBAS, F. Javier
MARTÍNEZ SENRA, Ana Isabel
MIGUEL PALACIOS, Carlos de
MILES TOUYA, Daniel
MIRÁS CALVO, Miguel
MONTERO MUÑOZ, María
OTERO GIRÁLDEZ, M^a Soledad
OTERO NEIRA, M^a Carmen
PAZÓ MARTÍNEZ, M^a Consuelo
PIÑEIRO GARCÍA, Pilar
QUINTÁS CORREDOIRA, M^a Ángeles
RÍO OTERO, Coral del
ROCA PARDIÑAS, Javier
RODRÍGUEZ CAMPOS, M^a Celia
RODRÍGUEZ DAPONTE, Rocío
RODRÍGUEZ DE PRADO, Franciso
RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, M^a del Mar
RODRÍGUEZ PARADA, Sonia Margarita
RUIZ BLANCO, Silvia
SIMÓN FERNÁNDEZ, Xavier
SURIS REGUEIRO, J. Carlos
TEJEIRA BAUTISTA, J. Francisco
VALLEJO POUSADA, Rafael
VÁZQUEZ PAMPÍN, Carmen
VÁZQUEZ VICENTE, X. Henrique
VILA ALONSO, Mercedes

ALUMNADO:

ÁLVAREZ MOREIRA, J. Ángel

GARCÍA REMESAR, Amaya
HABTI NEHHAL, Fatiha
IGLESIAS ALLICA, Malena
LLOVES HERBÓN, M^a. Asunción
RODRÍGUEZ PÉREZ, Carla
VEIGA PÉREZ, Patricia
VIDAL BREA, Jonathan

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

PDI

DIÉGUEZ FERREIRO, RICARDO M.; DÍZ COMESAÑA, M^a EVA; GONZÁLEZ LOUREIRO, MIGUEL; MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ, BLANCA M^a.

ALUMNOS

BOLAÑOS ACUÑA, Nestor

A Orde do Día é a seguinte:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (17/12/2020).
2. Informe do Decano.
3. Aprobación, se procede, da Memoria Económica do exercicio 2020 e do Presuposto para 2021.
4. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o curso 2021/2022.
5. Aprobación, se procede, da PDA para o curso 2021/2022.
6. Aprobación, se procede, do reparto da “Bolsa de horas de recoñecemento de actividades de Xestión docente” para o curso 2021/2022.
7. Rogos e preguntas.

.....

Primeiro punto da orde do día: Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (17/12/2020).

Tras varias aclaracións sobre asistencias xa incorporadas á Acta presentada para a súa aprobación nesta Xunta , **apróbase por asentimento.**

Segundo punto da orde do día: *Informe do Decano.*

1. En primeiro lugar quero presentar á nova vicedecana de Relacións Institucionais, Leticia Lorenzo Picado á que quero agradecer publicamente que acepte a miña proposta para formar parte do equipo Decanal. Como sabedes, desde o principio do noso mandato habemos ter unha vacante dentro do equipo. Leticia axudárame, inicialmente, no labor de relacións con outras institucións e no momento en que María Gómez Rúa, empezo a gozar da súa baixa por maternidade, centrárase nos labores do vicedecanato de relacións internacionais.
2. En segundo lugar quero recordarvos que o vindeiro luns 1 de marzo, por orde das autoridades competentes, volvemos á docencia semipresencial. Esa semana é a número 4 do cuadrimestre e polo tanto ten que asistir de forma presencial o estudantado asignado á semana par.
3. Tamén quero informarvos sobre o III Foro de Emprego. Vaise a celebrar en formato virtual os días 24, 25 e 26 de marzo. Neste momento xa contamos con 29 firmas inscritas: Adecco, Analistas Financeiros Internacionais, AIG, Baltar+avogados, Banco Mediolanum, BDO, Bimba e Lola, Campus do Mar, Colexio de Economistas, Cuatrecasas, Deloitte, Elemental Chefs, Ence, EY, Gadisa, Galaria, Garrigues, Grant Thornton, Grupo Profand, Lonza Biologics, Nova Pescanova, On & Tax Legal, OVB Allfinanz, PwC, Quindel Group, Real Club Celta, Starnaliza, Uría e Menéndez e Zandal. Aproveito a ocasión para felicitar ao estudantado que, de forma altruísta, está colaborando en sacar adiante un proxecto que non é nada fácil, dadas as actuais circunstancias.
4. Para rematar, quero anunciarvos as conferencias que temos xa confirmadas para estes meses dentro do ciclo “Coloquios en tempos de pandemia”, aínda que a programación non está definitivamente pechada xa que estamos traballando nalgunha outra opción. Dentro do ciclo, e en colaboración coa Fundación Mentor, temos programadas as seguintes charlas:
 - a. O 17 de marzo contaremos coa presenza de Roberto Bermúdez de Castro, enxeñeiro industrial pola Universidade de Vigo, regatista olímpico, participante en dúas Copas América de Vela e en 7 regatas da Volta ao Mundo, sendo o timonel do equipo ganador na edición de 2014-2015. O título da súa charla é: “Máis aló dos límites”.

- b. O 14 de abril, Gustavo Zerbino, supervivente do accidente de Ándelos de 1972 falaranos de “A xestión da adversidade”.
- c. O 21 de abril contaremos coa presenza de Alejandro Branco presidente do Comité Olímpico Español para disertar sobre os Xogos Olímpicos de Tokio.

Ademais, o 28 de abril organizaremos unha mesa redonda, patrocinada pola Embaixada de Xapón, sobre “Oportunidades de comercio entre Xapón e España”. Contaremos coa participación do Director Xeral de Jetro (Organización de Comercio Exterior de Xapón) en España, do Director Xeral de Shacho Kai (Asociación de Empresas Xaponesas en España), dun representante do ICEX, de dous representantes dunha empresa galega do sector textil cunha forte implantación no mercado xaponés e do noso ilustre Profesor, Xosé Carlos Arias. O evento será moderado por unha persoa a designar.

Terceiro punto da orde do día: *Aprobación, se procede, da Memoria Económica do exercicio 2020 e do Presuposto para 2021.*

O Decano mostra a todo o pleno da Xunta de Facultade as transparencias nas que se explican de xeito preciso tanto a Memoria Económica do ano pasado (2020) como o Presuposto de cara ao ano 2021.

Con respecto á Memoria do ano 2021 fai especial fincapé en foi un ano bastante convulso no que houbo que facer adquisicións extraordinarias, sobre todo no ámbito tecnolóxico, que teñen como consecuencia incrementos no presuposto. Tamén informou que a execución do mesmo foi do 99,1 %.

Con relación ao Presuposto do ano 2021, lembra que a partida correspondente á Delegación de alumnos (1000 euros) queda sen tocar e manifesta o seu desexo de que esta partida sexa empregada na súa totalidade para atender as necesidades que se podan ter.

Solicítase á aprobación por parte do pleno da Xunta de Facultade, tanto da Memoria do ano 2020 coma do Presuposto do 2021.

APRÓBANSE POR ASENTIMENTO

Cuarto punto da orde do día: *Aprobación, se procede, do límite de prazas para o curso 2021/2022.*

Jorge Falagán, presenta en transparencias o documento que se acompaña na documentación para esta Xunta de Centro na que se mostran os límites de prazas para o curso 2021-22.

Para o Grao en ADE: **200**

Para o Grao en Economía: **60**

Para o PCEO en ADE-Dereito: **40**

Ademais tamén se mostran e explican as prazas de acceso por recoñecemento de créditos, para retomar estudos, etc. en cada un dos Graos.

Pide a súa aprobación por asentimento os límites de prazas.

APRÓBANSE POR ASENTIMENTO

Quinto punto da orde do día: *Aprobación, se procede, da PDA para o curso 2021/2022.*

Antes de pasar á explicación pormenorizada da PDA de cara ao curso vindeiro por parte do Vicedecano de Organización Académica (Javier Roca), o Decano informa sobre un feito que xurdiu entre a convocatoria desta Xunta de Facultade e o día de hoxe.

O que sucedeu foi que se nos comunicou aos Centros a necesidade de realizar unha lista priorizada de Departamentos aos que se asignarían tódalas materias de formación básica e obrigatoria dos Graos. Nos cursos anteriores, tanto a FCCEE como a maior parte das Facultades e Escolas, soamente enviaban ao vicerreitorado información de asignación de materias de formación básica a un único Departamento.

Tras unha consulta coa Área de Grao da Universidade confirmóusenos que efectivamente isto era así, que se ven pedindo dende o ano 2015 e que é un acordo de Consello de Goberno. Ante esta situación de urxencia e de cara á Xunta de Facultade de hoxe o Decanato púxose en contacto coas direccións dos Departamentos

A Vicerreitoría de Organización informou aos centros que o fin último de esta petición era poder adiantarse a posibles problemas que puidesen xurdir ao longo do curso e non ter que facelo de maneira precipitada. Tamén informou que nunca fixo falla empregar esta lista priorizada pero que neste curso en dúas situacións estivo a punto de ser necesario. Aínda que esta foi a posición inicial, nesta mesma mañá comunicóusenos que non era obrigatorio enviar o listado priorizado incluíndo varios Departamentos, soamente era aconsellable.

Propónse á Xunta de Facultade remitir ao vicerreitorado a mesma información que se enviara nos cursos anteriores e, si nun futuro se producise algún problema, consultaríase coa Xunta, que sería quen tomaría a decisión final. A proposta apróbase por asentimento.

Hai unha segunda cuestión relevante, antes de pasar á explicación da PDA proposta, que é a seguinte:

Recibiuse unha comunicación da Área de PosGrao da Universidade na que se di que a PDA e a bolsa de horas dos Másteres, ademais de ser aprobadas nas respectivas Comisións Académicas, deben ser referendadas tamén en Xunta de Facultade. Coméntase que, con tal fin, se convocará a principios de marzo unha nova Xunta de Facultade.

A continuación, o vicedecano de organización docente, Javier Roca, explica cal é a PDA

proposta para o curso 2021/22 e recalca que é unha proposta consensuada cos directores de Departamentos do Centro. As principais modificacións respecto ao curso pasado son:

En **ADE**:

Aumentar, respecto ao curso 2020-2021, 1 grupo práctico en todas as materias de 1º y 2º curso, reducir 1 grupo práctico da materia optativa de 4º, Dereito do Comercio Internacional, e aumentar 1 grupo práctico da materia optativa de 4º, Mercadotecnia Responsable.

En **Economía**:

Manter a mesma estrutura de grupos teóricos e prácticos do curso 2020-2021.

No **PCEO ADE-Dereito**:

Aumentar 1 grupo práctico en todas as materias de 4º curso

J.A. Álvarez Moreira expón que no grao de Economía estamos por encima do 100%

Jorge Falagán resposta que este feito non é ningunha novidade. O Centro xoga cunha bolsa de horas que é para tódalas titulacións e que pode permitirse que haxa algún exceso nunha delas mentres que noutra/s haxan déficits.

Solicítase a aprobación por asentimento desta PDA.

APRÓBASE POR ASENTIMENTO

Sexto punto da orde do día: *Aprobación, se procede, do reparto da “Bolsa de horas de recoñecemento de actividades de Xestión docente” para o curso 2021/2022.*

Jorge Falagán intervén neste punto antes de pedir á Xunta o Centro a aprobación da Bolsa de Horas que se trae para solicitar que se lle permita ao Decanato a realización de “axustes finos” da mesma no caso de que sexa necesario por algunha razón sobrevinda, e que sempre serían modificación mínimas da mesma.

Por outro lado tamén lembra que a finais desde ano haberá un proceso electoral que pode traer como consecuencia unha adaptación desta proposta de cara ao curso vindeiro.

Javier Roca explica a Bolsa de Horas e lembra que aínda está pendente a procura dun coordinador para 1º de Economía.

Pídese a aprobación por asentimento,

APRÓBANSE POR ASENTIMENTO

Sétimo punto da orde do día: *Rogos e preguntas*

Mª Asunción Lloves: ¿A distribución de grupos no formato semipresencial que explicastes para ADE e Economía a partir da semana que vén, aplícase tamén no Dobre Grao?

Jorge Falagán: Explica que efectivamente é a mesma para todos os cursos que se imparten nesta Facultade na que estarían incluídos 2º, 4º e 5º (Segundo cuadrimestre) do PCEO ADE-Dereito.

Fatiha Habti: Fai constar que en 1º de ADE os horarios están bastante desequilibrados. Hai días moi cheos, con tres materias e sen descanso.

Jorge Falagán: Indica se se estudiará de cara ao horario do ano que ven o que se indica e explica que unha das razóns polas que isto sucedeu nestas primeiras semanas ven derivada de que as clases que estaban colocadas no luns e martes de carnaval trasladáronse á seguinte semana coa conseguinte acumulación de clases nalgunhas datas.

J.A. Álvarez Moreiras: Rogo conste en acta o presente escrito, así como as súas respostas, en caso de habelas

1. Vou repetir unha cuestión de xeito literal xa que na Xunta pasada respondeuse, creo, coma se fose cuestionada a información que se entrega aos membros de Xunta de Centro. ¿Como pode saber un PDI-B, un PAS ou un estudante do centro que **NON** pertenza á Xunta de Facultade cando se celebra unha sesión de Xunta de Centro, e así poder cumprir co artigo 7.4 dos Estatutos da Universidade de Vigo que di “A convocatoria e os acordos dos órganos colexiados serán accesibles publicamente por vía electrónica...”?
2. Con respecto ao futuro traslado da Delegación de Alumnos, como xustificará que o novo espazo no que se situará a Delegación de alumnos será un espazo adecuado para poder exercer a representación e reunirse. E que de xeito xustifico polo decanato ou dirección do centro deberá situarse nun lugar o máis accesible para o estudantado do centro, tal e como se indica no artigo 51 k) do novo Regulamento de Estudantes en exposición pública

3. Tendo en conta que a PDA apróbase hoxe e que o POD aprobarase en menos de 2 meses e que ademais esta non adoita diferir de cursos anteriores de forma palpable. ¿Hai algunha posibilidade de aprobar, en órgano colexiado, as guías docentes desta Facultade antes de xullo (data na que deben estar pechadas)?
4. Tendo en conta que o artigo 36.b do RD 1791/10 -Estatuto do Estudante Universitario- di textualmente que os representantes de estudantes teñen dereito a “Expresarse libremente, sen máis limitacións que as derivadas das normas legais, e o respecto ás persoas e á Institución”, o cal repítese literal en artigo 28.2 do Regulamento de Estudantes de Universidade de Vigo (e reproducése exacto en art. 51.b do futuro regulamento, actualmente en exposición pública). Pode expoñer a norma na cal baseouse para indicar na sesión do 17-12-20, que non se poidan realizar interpelacións que teñan relación con solicitudes realizadas por rexistro, como eu entendín? Ou doutra forma, ¿vai vostede volver a restrinxir o dereito de calquera membro desta Xunta de Centro a formular Rogos e Preguntas, dereito expreso no artigo 19.3.d da L.40/15 de Réxime Xurídico do Sector Público?
5. Tendo en conta que no Manual de Urgencia para a Docencia e a Avaliación debido á COVID-19 indicábase, na súa páxina 16,
‘Tenderase a que o exame final teña o peso máis baixo posible no cálculo da nota Final (...) e o peso deste exame sexa, como máximo, do 40 % da nota final da materia’.
¿Cantas materias do segundo cuadrimestre do curso 19-20 modificaron o seu método de avaliación para cumprir con esa parte do manual de urxencia? Ademais solicito conste en acta o informe íntegro da Asesoría Xurídica asinado o 3-5-19 cuxo parágrafo central da súa páxina segunda di textualmente: *“En todo caso, respecto da cuestión que discretamente agochada fórmulase ao final da pregunta, relativa á cualificación, “novamente” de cero a dez, dá proba global final, considero que non ten máis resposta que afirmativa pois, sexa como única proba elixida polo estudante, sexa como proba complementaria a un previo suspenso, debe ser cualificada nos termos do Real Decreto 1125/2003, de 5 de setembro, en igualdade de condicións e sen que caiba fixar unha valoración inferior baixo ningún tipo de argumentación; unha interpretación distinta (como limitala a unha porcentaxe ou a unha puntuación máxima á proba final global) sería non só contraria a esa norma senón inxustificadamente discriminatoria”*
¿Non cre vostede que isto sería unha proba clara de que non se pode considerar avaliación continua a un método que teña unha proba final cunha porcentaxe de cualificación superior ao 50%, xa que antes da proba final obrigatoria non se superou a materia polo cal estaría suspensa e, xa que logo (segundo Asesoría Xurídica) a proba final debería ter un valor do 100% da cualificación final da materia e nunca inferior?

Respecto á pregunta 1, Jorge Falagán responde que efectivamente ten razón J.A. Álvarez. Asume a súa culpa e indica que non volverá a pasar.

Respecto á pregunta 2, responde Jorge Falagán que este Decanato considera que será un espazo digno para a mesma.

Respecto á pregunta 3, responde Ana Esther Castro que a aprobación das Guías Docentes

está delegada na Comisión Permanente do Centro. Unha vez aclarado isto, tamén hai que dicir que se aproban no prazo que marca o Reitorado para este proceso e se fai a través dunha aplicación que se abre e se pecha nunhas datas determinadas.

Respecto á pregunta 4, responde Jorge Falagán que se está facendo unha mala interpretación da resposta dada na Xunta de Facultade do 17 de decembro de 2020.

Respecto á pregunta 5, Ana Esther Castro responde que no documento ao que fai referencia se indica era unha recomendación, nunca unha imposición.

Ante a solicitude de que conste en Acta a resposta íntegra da Asesoría Xurídica, Ana Esther Castro recalca que o informe íntegro xa lles foi enviado a tódolos membros da Xunta de Facultade no seu momento, polo que non é necesario que volva a constar en acta. Tamén afirma que a interpretación que fai o alumno do informe da asesoría xurídica é unha interpretación persoal do mesmo. Informa que se está traballando, nestes intres, nunha Guía para a elaboración das Guías Docentes. Informa tamén ao alumno que todas as Guías docentes foron revisadas polas persoas coordinadoras dos Graos quen verificaron previamente á reunión da Comisión Permanente que as aprobou, que se axustaban ao recomendado pola asesoría xurídica. De aplicar a interpretación do informe da asesoría que fai o alumno, o conxunto de alumnado dos Graos veríase prexudicado; non así o referido alumno, xa que dende 2016 non se presenta a ningunha proba de avaliación.

Jorge Falagán indica que lle quere facer unha pregunta a J. F. Álvarez Moreira: Considera vostede que cumpre o artigo 65 a) dos estatutos da Universidade de Vigo, no que se indican as obrigas do alumnado da Uvigo, en especial a realizar o traballo de estudo....?

J.A. Álvarez Moreira responde que si, xa que non se indica nesas obrigas que haxa que asistir a clase ou superar as materias.

Santiago Gómez Fraíz fai un rogo: Que, na medida do posible, as Xuntas de Facultade se convoquen para os mércores na franxa horaria na que non hai clases.

J. Falagán: Debido aos festivos da semana anterior este mércores nesa franxa horaria había varios cursos que tiñan clase, por isto decidiuse pasar esta Xunta para a tarde.

Jonathan Vidal pregunta: En que tipo de gastos se poden empregar o presuposto da Facultade destinado á Delegación de Alumnos?

Jorge Falagán: Na opinión do Decano deberían de avaliarse as necesidades que se teñan para poder decidir en que empregar ese presuposto. Indica que pódese comprar material informático (si é necesario), incluso organizar algún curso que a Delegación considere necesario; e sempre tendo en conta a aprobación por parte do Administrador do Centro.

M^a Asunción Lloves pregunta: Onde será a ubicación definitiva da Delegación de Alumnos?

Jorge Falagán: O Decano informa de que, a expensas dunha reunión que se celebrará na próxima semana, esta ubicación resolverase de xeito urxente.

Rematada a orde do día ás 17:40 horas, e sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

V^o e Pr.:

O Decano

O Secretario